

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Recursos Humanos

Anuncio nomeamento tribunal e data inicio proceso categoría oficial conserxe OEP 2021 estabilización emprego temporal

ANUNCIO

Mediante resolución da concelleira delegada da Area de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística apróbase a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas nos procesos selectivos derivados da OEP extraordinaria de estabilización do ano 2021, mediante o sistema de concurso de méritos ((prazas afectadas polas disposicións adicionais 6ª/8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), de distintas categorías entre as que se atopa a que se sinala:

- Oficial conserxe persoal funcionario, Administración especial, Servizos especiais, persoal de oficios (grupo clasificatorio C, subgrupo C2)

Na devandita resolución recóllese no segundo acordo que a composición do tribunal e a data de inicio do procesos selectivos será obxecto de resolución posterior que será publicada no BOP, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Polo exposto propónse a concelleira delegada da Area de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- O Tribunal Cualificador deste proceso de selección estará composto pola seguintes persoas:

Presidente/a:

Titular: José Carlos Campos López, xefe de Sección de RRHH

Suplente: Hortensio David Miguez Fuentes, xefe de Servizo de RRHH e Emprego

Secretario/a:

Titular: Paula María Vázquez Carrasco, oficial maior do Concello de Ferrol

Suplente: Leopoldo Tomás Moure García, secretario xeral do Concello de Ferrol

Vogais:

Titular: Jairo Orjales Sande, xefe de servizos básicos e mantemento do Concello de Narón

Suplente: Anselmo García López, delineante de servizos externos do Concello de Narón

Titular: Ana Belén Ruibal Mariño, xefa de Sección de Contabilidade e Presupostos

Suplente: Julia Ledo Rivera, habilitada de RRHH

Titular: Xaime Cartelle Pérez, oficial conserxe do Concello de Ferrol,

Suplente: Eva Garcia Beceiro, oficial do Concello de Ferrol

Titular: Beatriz Santiago Yañez, auxiliar administrativa do Concello de Mugardos

Suplente: María Cristina Otero Taboada, auxiliar administrativa do Concello de Mugardos

Segundo.- Fixar a data de comezo do proceso selectivo que será o **vindeiro día 6 de febreiro ás 12:00** na sala de reunións deste Concello non sendo precisa a asistencia dos/as aspirantes.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 23 de xaneiro de 2024

En uso da delegación conferida polo acordo da Xunta de Goberno Local do 11/12/2023, a concelleira delegada titular da Área de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística (resolución da Alcaldía presidencia de data 19/06/2023, BOP 27/06/2023)

Susana María Sanjurjo Fraga